



| Guía Docente          |  |                    |   |          |
|-----------------------|--|--------------------|---|----------|
| Datos Identificativos |  |                    |   | 2019/20  |
| Asignatura (*)        | Didáctica. currículo e organización escolar  | Código             | 652601001   |          |
| Titulación            | 1 Mestrado Universitario de Profesorado de Educación Secundaria: Ciencias Experimentais  |                    |   |          |
| Descritores           |  |                    |   |          |
| Ciclo                 | Período  | Curso              | Tipo  | Créditos |
| Mestrado Oficial      | 1º cuatrimestre  | Primeiro           | Obrigatoria   | 4.5      |
| Idioma                | CastelánGalego   |                    |   |          |
| Modalidade docente    | Presencial   |                    |   |          |
| Prerrequisitos        |  |                    |   |          |
| Departamento          | Pedagogía e Didáctica  |                    |   |          |
| Coordinación          | Mendez Garcia, Rosa Maria  | Correo electrónico | rosa.mendez@udc.es  |          |
| Profesorado           | García Cabeza, Belen<br>Mendez Garcia, Rosa Maria<br>Rego Agraso, Laura  | Correo electrónico | belen.garcia.cabeza@udc.es<br>rosa.mendez@udc.es<br>laura.rego@udc.es |          |
| Web                   |  |                    |   |          |
| Descrición xeral      | <p>Esta materia pretende o desenvolvemento de capacidades que permitan ao alumnado configurar un marco integrador e interrelacional da súa práctica no ámbito do sistema educativo.</p> <p>Didáctica, Currículo e Organización Escolar facilita a adquisición de coñecementos epistemolóxicos da Pedagogía, da Didáctica e da Organización Escolar, así como o desenvolvemento de habilidades e destrezas dacordo cunha intervención informada e comprometida coa atención á diversidade.</p> <p>Os principais temas e núcleos de coñecemento que se tratarán están orientados ao estudo da escola como organización, á reflexión sobre o concepto de currículo, e á análise do proceso de ensino-aprendizaxe desde a súa planificación, desenvolvemento e avaliación.</p> |                    |   |          |

| Competencias / Resultados do título |  |
|-------------------------------------|--|
| Código                              | Competencias / Resultados do título  |
| A1                                  | (CE-G1)Coñecer as características dos estudantes, os seus contextos sociais e motivacións  |
| A3                                  | (CE-G3)Elaborar propostas baseadas na adquisición de coñecementos, destrezas e aptitudes intelectuais e emocionais.  |
| A4                                  | (CE-G4)Identificar e planificar a resolución de situacións educativas que afectan a estudantes con diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxes   |
| A5                                  | (CE-G5)Coñecer os procesos de interacción e comunicación no aula e no centro, abordar e resolver posibles problemas  |
| A9                                  | (CE-G9)Participar na definición do proxecto educativo e nas actividades xerais do centro atendendo a criterios de mellora da calidade, atención á diversidade, prevención de problemas de aprendizaxe e convivencia                                    |
| C4                                  | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |
| C6                                  | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.  |

| Resultados da aprendizaxe   |     |                                     |     |
|---|-----|-------------------------------------|-----|
| Resultados de aprendizaxe   |     | Competencias / Resultados do título |     |
| Comprender a terminoloxía básica, específica e propia da Didáctica, así como os conceptos pertencentes aos compoñentes didácticos do proceso de ensino e aprendizaxe, de modo que sexa capaz de reflexionar con rigor sobre os mesmos e orientar racionalmente a súa futura práctica docente.                                     | AP3 |                                     | CM4 |
|   | AP9 |                                     | CM6 |
| Valorar criticamente as diferentes formas de interpretar a realidade educativa de acordo coas diferentes visións sobre a función social da escola, en conexión cos obxectivos socio-educativos propostos. Comprender e reflexionar sobre a importancia da inclusión da diversidade que circunda as aulas de educación secundaria. | AP1 |                                     | CM4 |
|   | AP3 |                                     |     |
|   | AP9 |                                     |     |
| Comprender as diferencias entre a planificación curricular e a programación do proceso de ensino-aprendizaxe. Distinguir os diferentes niveles de concreción curricular e as súas implicacións. Coñecer os diferentes elementos e modalidades de deseño curricular.   | AP3 |                                     | CM4 |
|   | AP4 |                                     | CM6 |
|   | AP9 |                                     |     |



|   |                          |            |
|---|--------------------------|------------|
| Coñecer e diferenciar os principios básicos e as características que fundamentan a articulación curricular na actualidade.  | AP4<br>AP9               | CM4<br>CM6 |
| Diferenciar os distintos elementos curriculares. Utilizar diferentes criterios tanto para a análise de grupos, de formulación de obxectivos e de selección e secuenciación de contidos considerándoos como un corpo de coñecementos no marco dun proceso de construción e reconstrución progresivo. | AP3<br>AP4<br>AP5<br>AP9 | CM4<br>CM6 |
| Comprender o valor científico e pedagóxico da avaliación no campo do ensino, entendida como unha avaliación eminentemente educativa, formativa e formadora, así como afondar nas relacións entre avaliación, a investigación e a innovación.  | AP3<br>AP4<br>AP9        | CM4<br>CM6 |
| Profundizar no coñecemento crítico e fundamentado da estrutura e funcionamento do Sistema Educativo.  | AP9                      | CM4<br>CM6 |
| Formalizar, sistematizar e integrar os saberes básicos da organización escolar, que permitan comprender a complexidade dos centros educativos, así como analizar e valorar criticamente a súa vida organizativa.  | AP9                      | CM4<br>CM6 |
| Coñecer algúns dos modelos máis relevantes da organización escolar e comprender a importancia do contexto organizativo no proceso de ensino-aprendizaxe.  | AP9                      | CM4<br>CM6 |

| Contidos  |   |
|---|---|
| Temas   | Subtemas  |
| Módulo I. A participación, xestión e avaliación nos centros de ensino secundario. | <ul style="list-style-type: none"> <li>- O organización do sistema educativo español.</li> <li>- As dimensións (organizativa, procesual, persoal, cultural e da contorna) dun centro educativo.</li> </ul>  |
| Módulo II. Funcións e concepcións do currículo.                                   | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Os elementos do currículo.</li> <li>- As concepcións sobre o currículo: enfoques e elementos de análise.</li> <li>- O oculto e o manifesto da aprendizaxe escolar.</li> </ul>  |
| Módulo III. Deseño, desenvolvemento e avaliación do currículo.                    | <ul style="list-style-type: none"> <li>- Do currículo prescrito ao currículo contextualizado: niveis de concreción curricular.</li> <li>- A planificación e o desenvolvemento do currículo.</li> <li>- A avaliación: tipos, obxectos e instrumentos.</li> </ul> |
| Módulo IV. Modelos de ensino e metodoloxías didácticas.                           | <ul style="list-style-type: none"> <li>- O concepto de didáctica.</li> <li>- Os modelos e métodos de ensino.</li> <li>- As estratexias metodolóxicas no ensino secundario.</li> <li>- Os materiais curriculares: tipos, selección, análise e uso.</li> </ul>    |

| Planificación          |                           |   |                         |              |
|------------------------|---------------------------|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas  | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Lecturas               | A1 A3 A4 A5 A9 C4<br>C6   | 4                                       | 22                      | 26           |
| Portafolios do alumno  | A4 A5 C4 C6               | 10.5                                    | 34.5                    | 45           |
| Proba mixta            | A1 A5 A9 C4 C6            | 1.5                                     | 8                       | 9.5          |
| Sesión maxistral       | A1 A3 A4 A5 A9 C4<br>C6   | 16                                      | 12                      | 28           |
| Atención personalizada |                           | 4                                       | 0                       | 4            |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías |            |
|--------------|------------|
| Metodoloxías | Descrición |
|              |            |



|                       |   |
|-----------------------|---|
| Lecturas              | Establécese unha serie de documentos (textuais, audiovisuais, etc.) de revisión obrigatoria (consúltense Fontes de Información) que serán a base de referencia sobre o tratamento dos contidos que se estudarán en torno aos diferentes núcleos temáticos da materia. O alumnado -previa lectura individual- deberá estar en capacidade de realizar a súa análise en pequeno grupo e grupo-aula. Ditas lecturas terán como obxectivo promover e incentivar a reflexión en torno aos procesos educativos escolares e a súas implicacións prácticas e aplicadas no contexto do centro educativo e no contexto aula.   |
| Portafolios do alumno | <p>Durante o transcurso da materia proporáanse algunhas actividades de aula especificamente deseñadas para a análise en pequeno grupo dalgúns dos documentos máis relevantes. A realización destas actividades iniciárase na aula e será completada mediante o traballo autónomo do alumnado fóra da aula. Para esta elaboración atenderase ás indicacións que se proporcionarán a través da atención personalizada da profesora aos diferentes grupos, ben nas sesións interactivas, ben en titorías. Para a realización destas análises tomaranse como referencia tanto os materiais básicos da materia como outros complementarios, propostos polo alumnado ou a profesora. Os documentos resultantes da análise entregaranse nas datas que a profesora indique previamente e quedarán dispoñibles para a súa consulta na plataforma Moodle.</p> <p>O alumnado, en pequeno grupo, deberá elaborar un portafolios que, ademais de enmarcar os mencionados documentos de síntese das mencionadas actividades de aula, incorpore un diario de aula (con entradas de elaboración individual) e unhas valoracións finais. As reflexións que nos apartados se integren deberán estar fundamentadas e argumentadas nos documentos de referencia da materia así coma noutros que o alumnado e a profesora consideren oportunos.</p> <p>Ao inicio do curso proporcionarase un guión pormenorizado do portafolios. O portafolios desenvolverase fundamentalmente en periodos non presenciais e mediante o traballo autónomo do alumnado. A través da atención personalizada da profesora, os diferentes grupos, ben en sesións interactivas específicas, ben en titorías, recibirán indicacións concretas para a realización. O portafolios resultante será entregado na data que a profesora indique previamente e quedará dispoñible para a súa consulta na plataforma Moodle.</p> |
| Proba mixta           | A proba mixta constituirá unha actividade final a través da cal o alumnado deberá dar resposta a unha ou varias cuestións relacionadas coa totalidade de contidos tratados ao longo da materia.   |
| Sesión maxistral      | Mediante as sesións maxistras traballarase os contidos que conforman o marco teórico-práctico a partir da exposición oral, guiada co uso de presentacións, de medios audiovisuais e coa introdución de cuestións dirixidas ao alumnado coa finalidade de favorecer a aprendizaxe e a construción do coñecemento. Realizarase unha exposición xeral introdutoria de cada un dos distintos temas de que consta o programa, indicando os aspectos que o alumnado debe ampliar co seu traballo persoal, coas oportunas orientacións bibliográficas.   |

## Atención personalizada

| Metodoloxías                                     | Descrición   |
|--|--|
| Lecturas<br>Proba mixta<br>Portafolios do alumno | <p>1. As dúbidas e demandas de orientación que xurdan das sesións expositivas, análise de fontes documentais, lecturas, actividades e preparación do exame, serán atendidas pola profesora da materia durante o horario de titorías fixado de forma oficial.</p> <p>2. De maneira máis específica, e no marco das sesións interactivas, a profesora ofrecerá atención personalizada mediante a que levará o seguimento e orientación das actividades que se realicen ao longo do cuadrimestre.</p> <p>3. Como a realización do portafolio é o traballo principal da materia e ten un peso importante na avaliación desta, cada grupo (ou alumno/a, de o realizar de maneira individual) deberá obrigatoriamente solicitar unha titoría, fóra do horario de docencia presencial da materia.</p> <p>4. Esta proposta de atención personalizada é extensible ao alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, que faga uso de dita dispensa.</p> |

## Avaliación



| Metodoloxías          | Competencias / Resultados | Descrición  | Cualificación |
|-----------------------|---------------------------|---|---------------|
| Proba mixta           | A1 A5 A9 C4 C6            | A proba mixta consistirá en dar resposta a varias cuestións que implicarán un tratamento global e integrado dos contidos abordados ao longo da materia.   | 30            |
| Portafolios do alumno | A4 A5 C4 C6               | <p>Para avaliar o portafolios teranse en conta aspectos ligados á estrutura e contido deste.</p> <p>a) Estrutura: presentación, organización do contido, claridade expositiva e seguimento de normas de citación-referenciación.</p> <p>b) Contido: comprensión de ideas básicas, dominio conceptual, uso das fontes traballadas no tratamento dos contidos ao longo do cuadrimestre así coma outras de interese e a adecuada xestión das mesmas.</p> <p>* Serán proporcionados criterios detallados no momento de entrega do traballo.</p> <p>* A cualificación final deste traballo poderá ser diferente para cada integrante do pequeno grupo. Unha parte da puntuación respostará ao traballo que se realice de modo grupal; e outra, ás entradas individuais do diario.</p> <p>* Ademais, para matizar a cualificación do portafolios valorarase o traballo realizado polo alumnado a nivel de pequeno grupo ao longo de todo o curso.</p> | 70            |

#### Observacións avaliación

Nas presentacións orais ou escritas deberase atender a criterios de integridade académica (xestión adecuada de referencias bibliográficas e información de terceiras persoas); ademais procurarse o uso dunha linguaxe non discriminatoria. O mestrado ten carácter presencial polo que a asistencia ás sesións non poderá ser inferior ao 80% das horas. O alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia, que faga uso de dita dispensa, deberá entregar as actividades e o portafolios no mesmo tempo e forma que o resto do alumnado e resolvelas de modo individual. Se un/unha alumno/a cuxa asistencia é regular non acude á clase o día de realización dalgunha actividade, deberá desenvolvela e entregala individualmente. Esta incorporarse tamén ao portafolios. O portafolios entregarse na data que se indique ao inicio do curso. Para presentarse ao exame é condición indispensable ter presentado o portafolios e as actividades de síntese das lecturas. Coa fin de facilitar a xestión da materia e o seguimento do alumnado será obrigatoria -antes da segunda semana lectiva- a actualización do perfil persoal da plataforma Moodle, insertando unha foto actual. Para superar a materia é necesario obter unha puntuación mínima do 50% do peso de cada unha das partes obxecto de avaliación ("portafolios do alumno" e "proba mixta"). Dado que á materia é impartida por diferentes docentes, poderán existir variacións intergrupais no formato do exame final, no tipo de actividades de aula e na orde de presentación de contidos. 2ª oportunidade, os criterios de avaliación serán os mesmos que os propostos para a 1ª convocatoria.

#### Fontes de información



## Bibliografía básica

NOTA: Esta bibliografía é susceptible a modificacións a medida que avanza o curso académico. Realizarase unha selección de títulos da listaxe final, selección que estará dispoñible na Moodle e que será de lectura obrigatoria.

Álvarez, J. M. (1999). Evaluar para conocer, evaluar para aprender: las razones formativas de la evaluación educativa. En J.M. Álvarez, Evaluar para conocer. Examinar paraexcluir (pp. 58-61). Madrid: Morata. Area, M. (2009). Los medios de enseñanza o materiales didácticos. Conceptualización y tipos. Introducción a la tecnología Educativa , 24-37. Recuperado de <http://www.biblioteca libre.org/bitstream/001/415/5/Introducci%C3%B3n%20a%20la%20tecnolog%C3%ADa%20educativa.pdf> Barkley, E. F.; Cross, K. P. e Howell, C. (2007). Técnicas de aprendizaje colaborativo . Madrid: Morata.

Espín, J. e outros (1996). Análisis de recursos educativos desde la perspectiva no sexista .Barcelona: Laertes.

Fuentes, E. J. (2003). Culturas profesionales en la enseñanza y desarrollo profesional de los docentes. Revista Padres y Maestros , 279, 34-39. Gimeno Sacristán, J. (1998). El currículum: una reflexión sobre la práctica .Madrid: Morata. González, Mª. T. (1992). Centros escolares y cambio educativo. En J.M. Escudero e J. López (Coords.), Los desafíos de las reformas escolares. Cambio educativo y formación para el cambio (pp. 71-95). Sevilla: Arquetipo.

González, Mª. T. (1999). Perspectivas teóricas recientes en organización escolar: una panorámica general. En J.M. Escudero, Escuelas y profesores: ¿hacia una reconversión de los centros y la función docente? (pp.35-59). Madrid: Ediciones Pedagógicas. González, Mª T. (2003) (coord.). Las organizaciones escolares: dimensiones y características. En M. T. González, Organización y gestión de centros escolares (pp. 25-38). Madrid: Pearson.

Hargreaves, A. e Fullan, M. (2014). Cultura y comunidades profesionales. En A. Hargreaves e M. Fullan, Capital profesional (pp. 134-177). Madrid: Morata. Hargreaves, A. e Fullan, M. (2014). Instaurar el cambio. En A. Hargreaves e M. Fullan, Capital profesional (pp. 178-216). Madrid: Morata. López, L.; Peliquín, F.; Pérez, C. e Rodeiro, M. (1995). Análise e valoración de materiais curriculares. Revista Galega de Educación , 24, 58-60. Martínez, J. (1995). Interrogando al material curricular (Guión para el análisis y la elaboración de materiales para el desarrollo del currículum). En J. G. Mínguez e M. Beas (Comps.), Libros de texto y construcción de materiales curriculares (pp. 221-245). Armilla: Proyecto Sur de Ediciones. Montanero, M. (2019). Didáctica General. Planificación y práctica de la enseñanza primaria. Cáceres: Universidad de Extremadura. Navarro, R. (coord.) (2007). Didáctica y currículum para el desarrollo de competencias. Madrid: Dykinson. Parcerisa, A. (1996). Propuesta de un instrumento para el análisis de libros de texto y otros materiales que utilizan el papel como soporte. En A. Parcerisa Arán, Materiales curriculares. Cómo elaborarlos, seleccionarlos y usarlos (pp.97-124) Barcelona: Graó. Sarramona, J. (2000). Teoría de la educación: reflexión y normativa pedagógica . Barcelona: Ariel. Trillo, F. (1994). El profesorado y el desarrollo curricular: tres estilos de hacer escuela. Cuadernos de Pedagogía , 228, 70-74. Trillo, F. (2008). La enseñanza: eso sí que es un lío. En F. Trillo e L. Sanjurjo, Didáctica para profesores de a pie. Propuestas para comprender y mejorar la práctica (pp. 57-67). Rosario: Homo Sapiens. Lexislación Lei Orgánica 8/2013, para a mellora da calidade educativa (BOE, suplemento en lingua galega ao nº 295, 10/12/2013). Versión on-line consultada en [http://www.boe.es/boe\\_gallego/dias/2013/12/10/pdfs/BOE-A-2013-12886-G.pdf](http://www.boe.es/boe_gallego/dias/2013/12/10/pdfs/BOE-A-2013-12886-G.pdf) Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación (BOE nº106, 04/05/2006). Versión on-line consultada en <http://www.boe.es/boe/dias/2006/05/04/pdfs/A17158-17207.pdf> Decreto 86/2015 , do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na comunidade autónoma de Galicia (DOG nº 120, 29/06/2015). Versión on-line consultada en [http://www.edu.xunta.es/web/sites/web/files/content\\_type/news/2015/06/30/00\\_decreto\\_completo.pdf](http://www.edu.xunta.es/web/sites/web/files/content_type/news/2015/06/30/00_decreto_completo.pdf) Decreto 324/1996, de 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de ensino secundario (DOG nº 156, 09/08/1996). Versión on-line consultada en [http://www.xunta.es/dog/Publicados/1996/19960809/Anuncio90AA\\_es.html](http://www.xunta.es/dog/Publicados/1996/19960809/Anuncio90AA_es.html) Decreto 1333/2007 de 5 de xullo polo que se regulan as ensinanzas da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG nº 136, 13/07/2013). Versión on-line consultada en [http://www.xunta.es/linguagalega/arquivos/Ref.ED\\_7.pdf](http://www.xunta.es/linguagalega/arquivos/Ref.ED_7.pdf) Decreto 126/2008, do 19 de xuño, polo que se establece a ordenación e o currículo de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº120, 23/06/2008). Versión on-line consultada en <http://ciug.cesga.es/PDF/ReferenciasLegais/Decreto126-2008currículoBacharelatoLOEGalicia.pdf> Orde do 29 de outubro de 1996 pola que se regulan os órganos de goberno dos centros públicos de ensino non universitarios de características singulares, de educación especial e educación de adultos (DOG nº215, 04/11/1996). Versión on-line consultada en [http://www.xunta.es/dog/Publicados/1996/19961104/AnuncioB14E\\_gl.html](http://www.xunta.es/dog/Publicados/1996/19961104/AnuncioB14E_gl.html) Orde do 1 de agosto de



1997 pola que se dictan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 324/1996 polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria e se establece a súa organización e funcionamento (DOG nº168, 02/09/1998). Versión on-line consultada en [http://www.xunta.es/dog/Publicados/1997/19970902/AnuncioA14A\\_gl.html](http://www.xunta.es/dog/Publicados/1997/19970902/AnuncioA14A_gl.html). Orde do 21 de decembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº4, 07/01/2008). Versión on-line consultada en [http://www.edu.xunta.es/centros/iessanpaio/system/files/080107DOG\\_RegulacionAvaliacionESO.pdf](http://www.edu.xunta.es/centros/iessanpaio/system/files/080107DOG_RegulacionAvaliacionESO.pdf). Orde do 23 de xuño de 2008 pola que se modifica a do 21 de decembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº121, 24/06/2008). Versión on-line consultada en [http://www.xunta.es/dog/Publicados/2008/20080624/Anuncio29FEA\\_gl.html](http://www.xunta.es/dog/Publicados/2008/20080624/Anuncio29FEA_gl.html). Orde do 20 de abril de 2010, pola que se modifica a Orde do 24 de xuño de 2008, pola que se desenvolve a organización e o currículo das ensinanzas de bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 77, 26/04/2010). Versión on-line consultada en [http://www.xunta.es/dog/Publicados/2010/20100426/Anuncio11916\\_gl.html](http://www.xunta.es/dog/Publicados/2010/20100426/Anuncio11916_gl.html). Orde do 5 de maio de 2011 pola que se regulan determinados aspectos relativos ao desenvolvemento do bacharelato e se complementa a normativa sobre esta etapa (DOG nº 105, 01/06/2011). Versión on-line consultada en [http://www.xunta.es/dog/Publicados/2011/20110601/AnuncioC3F1-100511-1447\\_gl.html](http://www.xunta.es/dog/Publicados/2011/20110601/AnuncioC3F1-100511-1447_gl.html). Corrección de erros. Orde do 5 de maio de 2011 pola que se regulan determinados aspectos relativos ao desenvolvemento do bacharelato e se complementa a normativa sobre esta etapa (DOG nº 144, 28/07/2011). Versión on-line consultada en [http://www.xunta.es/dog/Publicados/2011/20110728/AnuncioC3F1-220711-4737\\_gl.pdf](http://www.xunta.es/dog/Publicados/2011/20110728/AnuncioC3F1-220711-4737_gl.pdf). Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta (DOG nº 136, 21/07/2015). Versión on-line consultada en [https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/20150721\\_materias\\_libre\\_configuracion.pdf](https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/20150721_materias_libre_configuracion.pdf). Orde do 13 de xullo de 2016 pola que se amplía a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato e se regula o seu currículo e a súa oferta (DOG nº 147, 04/08/2016). Versión on-line consultada en [https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/20160804\\_libre\\_configuracion\\_1.pdf](https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/20160804_libre_configuracion_1.pdf). Orde do 3 de agosto de 2017 pola que se amplía a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes na etapa de educación secundaria obrigatoria, e se regula o seu currículo e a súa oferta (DOG nº 156, 18/08/2017). Versión on-line consultada en [https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/20170818\\_libre\\_configuracion\\_1.pdf](https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/20170818_libre_configuracion_1.pdf). Orde do 7 de agosto de 2018 pola que se amplía a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta (DOG nº 165, 30/08/2018). Versión on-line consultada en [https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/20180830\\_libre\\_configuracion\\_0.pdf](https://www.edu.xunta.gal/portal/sites/web/files/20180830_libre_configuracion_0.pdf). Circular 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria. Versión on-line consultada en <http://www.edu.xunta.es/web/node/328>



## Bibliografía complementaria

### Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

### Materias que continúan o temario

Innovación docente/652601E11

Practicum/652601106

Traballo fin de Mestrado/652601107

### Observacións

Coa finalidade de contribuir ao desenvolvemento das competencias dixitais docentes (especialmente vinculados coa Alfabetización Informacional -ALFIN- e a curación e produción de contidos dixitais) dende esta materia recoméndase ao alumnado a construción dun banco de recursos dixitais persoal no que poida organizar e categorizar material de interese para o desenvolvemento da materia (artigos científicos, experiencias, ferramentas e aplicacións didácticas, páxinas web institucionais vinculadas coa educación escolar, blogs especializados e de boas prácticas, etc). Recoméndase para iso, o uso de marcadores sociais ou aplicacións dixitais específicas que lles permitan categorizar ou asignar etiquetas coas que mellorar a súa clasificación e consulta posterior. Todo iso resultarlle de gran interese á hora de contrastar a teoría e a práctica educativa mediante o Practicum do Mestrado, así como para construír a fundamentación teórica do futuro Traballo Fin de Mestrado (TFM). Recoméndase que a entrega dos traballos sexa feita a través da plataforma Moodle e -de non ser posible- non empregar plásticos, elixir a impresión a dobre cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores. Débese facer un uso sostible dos recursos e deben previr impactos negativos sobre o medio natural. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais. Ante a incorporación de ?Igualdade de Xénero? como materia de libre configuración autonómica no curso 2016/2017 na etapa da Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) e a materia ?Coeducación para o século XXI? na etapa de Bacharelato no 2018/2019, na materia de Didáctica, Currículo e Organización Escolar tratarán de desenvolverse obxectivos, contidos e actividades tendentes á formación do futuro profesorado en cuestións relativas á concienciación sobre aviolenza de xénero, a igualdade entre mulleres e homes e a coeducación. Debido a isto, recoméndase ao alumnado, empregar unha linguaxe inclusiva, contemplar a perspectiva feminista nos seus traballos e entregas de aula e evitar a manifestación de calquera tipo de discriminación, prexuízo ou minusvaloración por razón de xénero no contexto desta materia.

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías